

“O mellor residuo é o que non se produce”

(Greenpeace)

Como facelo...

- Pensa antes de mercar o que realmente precisas, optando na medida do posible por produtos a granel ou co mínimo de embalaxes
- Evita o uso excesivo de produtos de usar e tirar e opta máis polos envases reciclables (substituíndo panos da mesa de papel polos de tea, utilizando a túa propia bolsa ou carro da compra no canto de bolsas de plástico...)
- Limita no posible o consumo de envases innecesarios
- Utiliza diferentes depósitos para separar na casa o papel, o vidro e os envases de plástico e metal, do resto dos residuos
- Reutiliza as bolsas de plástico para depositar o lixo na casa antes de levalo ao colector
- Esmaga ou prega os envases antes de metelos no colector para reducir o seu volume
- Procura consumir alimentos frescos no canto de envasados
- Elixe produtos en envases de gran capacidade ou concentrados
- O vidro é un dos envases máis idóneos e tradicionais para moitos produtos domésticos, e altamente reciclable

O que tarda a natureza en destruír os nosos residuos

- **A monda dunha mazá**, ata que se converte en abono, poden pasar 6 meses e aínda máis se o clima é seco.
- Un **chicle**, pode alterar a paisaxe durante 5 anos pola súa goma.
- Unha **lata de refresco**, se é de aceiro, a súa oxidación total dura 8 anos, e 100 se é de aluminio.
- Un **pano dos mocos desbotable** necesita uns 3 meses para converterse en auga e gas carbónico.
- Un **billete da compra**, con humidade, será roído polas bacterias nuns 4 meses. A súa degradación será máis difícil en tempo seco.
- Un **misto**, se é dun gramo, tardará 6 meses en desaparecer.
- Unha **botella de vidro**, case indegradable, pode permanecer durante uns 4.000 anos.
- Unha **botella de plástico** permanecerá intacta 10 anos despois. Se non lle dá a luz, seguirá inalterable durante séculos.
- Unha **cabicha**: o tabaco absorverase en 3 meses e o filtro, en moito máis.
- Un **acendedor de plástico**: o proceso de reabsorción pode durar incluso 100 anos.



ERRE QUE

R

Coidar o Medio Ambiente é cousa de todos e todas xa que é un ben a preservar para nós e para as xeracións futuras. Neste labor cada persoa é imprescindible e ten a súa responsabilidade.

Unha fracción importante do lixo que xeramos pode reducirse, reutilizarse ou reciclarse, nun proceso polo que aproveitamos o valor material do lixo e melloramos o benestar ambiental da nosa contorna.

A colaboración de toda a cidadanía na separación e correcto uso dos diferentes colectores é indispensable para levar a cabo a recollida selectiva e a reciclaxe dos residuos.

Cómpre separarmos os distintos tipos de envases nos nosos fogares e con este pequeno xesto iníciase un proceso imprescindible para protexer o Medio.

O Concello de Fene participa xa dende hai anos na recollida selectiva de residuos e envases nos diferentes colectores e anima a todos os seus cidadáns e cidadás a seguir apostando abertamente pola saúde medioambiental, participando activa e responsablemente na recollida selectiva, co obxectivo de converter Fene no espazo saudable, limpo e atractivo que todas e todos desexamos.

REDUCIR · REUTILIZAR · RECICLAR





O QUE CONTÉN O NOSO CUBO DO LIXO

Cada un de nós produce máis de 400 kg de residuos ao ano, é dicir, uns 1.200 g por persoa e día. Máis do 40% destes restos son envases e embalaxes que poden reciclarse se colaboramos na selección doméstica do lixo.

Se analizasemos o noso cubo, isto sería o que encontraríamos:

- 15% **Envases lixeiros** (plásticos, metálicos e bricks)
- 7% **Vidro**
- 20% **Papel e cartón**
- 13% **Téxtiles, pilas, cerámica, madeira, goma**, etc.
- 45% **Materias orgánicas, restos alimenticios**, etc.

Debemos ser responsables e pensar que o Medio Ambiente é cousa de todos e todas nós, xa que precisamente os seres humanos nos temos convertido no principal axente de deterioración ambiental e, á vez, nas súas principais vítimas.

Un acto tan cotián como preparar unha taza de café, ten que ir acompañado de tres xestos para que o noso medio ambiente non se siga degradando: o paquete da cartón débese tirar xunto cos papeis; o envoltorio metálico, na bolsa amarela, e os pousos do café, no cubo dos restos orgánicos.

Isto é así porque a selección dos residuos é fundamental, e para que este proceso se leve a cabo é imprescindible que separemos nos nosos fogares os distintos tipos de envases e os depositemos nos correspondentes colectores.



Para envases de vidro: botellas, tarros e frascos (salsas, marmeladas, perfumes, cosméticos...)

Outros materiais como a cerámica ou outros tipos de vidro (espellos, fluorescentes bombillas, figuras de vidro, pratos, vasos, cristais de xanelas...) ao ter unha composición distinta ao vidro dos envases, non deben depositarse neste colector.

Tamén se procurará non depositar elementos extraños como tapas, tapóns, etc.



Para envases de plástico (refrescos, augas minerais, deterxentes, suavizantes...), envases metálicos (latas refrescos, cervex, alimentos precociñados...) e envases tipo brick (zumes, leite e derivados, conservas e todo o que leve láminas de aluminio ou outro metal).



Para envases de papel e cartón (caixas dos cereais, galletas, cartóns de embalaxes, envases de papel, xornais, revistas, propaganda impresa...).



Os días de recollida de enseres e voluminosos que o Concello de Fene pon ao servizo da cidadanía son:

Todos os mércores: Fene, Sillobre, Perlío, San Valentín, Magalofes, Vilar do Colo.

Todos os xoves: Maniños, Barallobre e Limodre.

SI son residuos voluminosos:

- Mobles (cadeiras de brazos, sofás...)
- Colchóns e somieres
- Electrodomésticos de liña branca (lavadoras, frigoríficos...)
- Televisores
- Aparellos eléctricos e electrónicos de pequeno tamaño



NON son residuos voluminosos:

- Residuos orgánicos
- Neumáticos
- Cascallos e residuos de construción xa sexan de obra maior ou menor
- Calquera tipo de residuo industrial (palets, films, restos de produción...)
- Residuos perigosos e envases que os contiveron (botes de pintura, disolventes...)



HORARIOS DE DEPÓSITO



RESIDUOS ORGÁNICOS

Verán (despois das 22.00 h)

Inverno (despois das 20.00 h).

Sábados e vésperas de festivo tamén hai recollida.



PAPEL E CARTÓN

Sen horario de depósito.



VIDRO

Sen horario de depósito.



PLÁSTICOS, LATAS E BRICKS

Sen horario de depósito.



ACEITES

Sen horario de depósito.

Colectores aceite usado de particulares e hostaleiros.



PILAS

Sen horario de depósito.

Colectores en locais das parroquias, comercios do sector, colexios, Concello e Casa da Cultura.



ROUPA

Sen horario de depósito.

Colectores roupa usada en Fene, Perlío e San Valentín.